# OS OFICIOS DA MÚSICA

que os informadores son empregados da redacción.

## Edición.

A publicación de partituras corre a cargo do copista, que fai uso de programas informáticos para esta tarefa. O copista debe coñecer perfectamente o solfexo, as normas de ortografía e de tipoloxía musical... para preparar coa maior limpeza e corrección o material.

Este é un traballo laborioso e lento que require moita paciencia e perfección. Este profesional tamén preparan as partituras das orquestras separando a parte correspondente a cada instrumento, de maneira que o músico só ten no seu papel a parte que lle corresponde interpretar. O único que usa a partitura completa é o director.

## A Gravación

As gravacións realízanas produtores musicais, que son os responsables do resultado sonoro. Comproban coa partitura na man os resultados e introducen as rectificacións pertinentes, controlando as mesturas, reverberación, axuste de frecuencias... Dirixen o equipo de gravación, formado por enxeñeiros e técnicos, que son os responsables de manexar os aparatos. O seu papel é creativo e deben ter unha perspectiva da música moi completa. Ás veces interveñen na realización de bandas sonoras de películas, anuncios...O seu papel é fundamental na retransmisión de concertos en directo.

Rubén Costoya Sánchez

# OS INSTRUMENTOS DE CORDA

O violín é un instrumento de corda, un dos principais compoñentes da orquestra. O violín nace como unha combinación do rabel e da lira de braccio e comeza a tocarse na Europa do século XVI. Trátase dun cordófono, posto que o son prodúcese ao vibrar as súas catro cordas. Pertence á familia de corda segun- do a clasifica- ción tradicional.O seu tama- ño varía segundo o in- tér- prete, aínda que os máis habituais miden uns 35 cm de longo. Está feito de madeira e as súas cordas son de metal. O seu doce son re- alza tanto a música de cámara como a po- pular ou mesmo o jazz. É un instrumento moi popular debido á súa expresividade.



Outro instrumento de corda moi coñecido por todos nós é o violonchelo, que non é máis ca un vio- lín baixo que se toca entre as pernas sen- tado. Este mide arredor duns 75 cm. e súa aparición foi un pouco posterior á do violín.

Por último, o membro máis grande desta familia é o contrabaixo. Mide uns 2 m. e tócase de pé. Ten, igual que os dous anteriores, catro cordas. E cronoloxicamente podemos situalo paralelo ao violonchelo.

Calquera destes instrumentos faise soar cun arco, feito de crins de cabalo, máis tamén se pode tocar punteando as súas cordas.